

ACORDO do 02 de xullo de 2018, do tribunal nomeado para a selección de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, convocada por resolución do 20 de decembro de 2017 (DOG núm 9, do 12 de xaneiro de 2018), pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos neste proceso

En sesión que tivo lugar o día 21 de xuño de 2018, o tribunal nomeado por Resolución do 21 de maio de 2018 para a selección de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria,

ACORDOU:

Primeiro: Vistas as alegacións presentadas as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, analizadas as causas de exclusión e a documentación aportada, este tribunal decidiu desestimalas notificando, a cada interesado, os motivos da súa exclusión.

Segundo: Aprobar e facer públicas as listaxes definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Ditas listaxes publícanse na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (www.acis.sergas.es).

Terceiro: De conformidade co establecido na base sétima da resolución de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, a 02 de xullo de 2018

María Isabel Barros Pena

Presidenta do tribunal

